

PATERSON

[Jim Jarmusch, 2016]

177

ESTREA EN NUMAX: 07.12.2016 | V.O.S.E. | TODOS OS PÚBLICOS

FICHA TÉCNICA

Paterson (2016, 113')

Dirección: Jim Jarmusch

Guión: Jim Jarmusch

Reparto: Adam Driver, Golshifteh Farahani, Kara Hayward, Sterling Jerins, Luís Da Silva Jr., Frank Harts, William Jackson Harper, Jorge Vega, Trevor Parham, Masatoshi Nagase

Dirección de arte: Sam Bader, Taylor Brown

Son: Robert Hein

Música: Carter Logan

Fotografía: Frederick Elmes

Produtora: Amazon Studios, Animal Kingdom, K5 Film (Estados Unidos)

Distribuidora: Vértigo Films

Formato de proxección: DCP 2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Inglés

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Gimme Danger, 2016

Só os amantes sobreviven, 2013

Ghost Dog, el camino del samurai, 1999

Dead Man, 1995

Noche en la tierra, 1991

Down by Law, 1986

Extraños en el paraíso, 1984

PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2016 (sección oficial e Palm Dog), Gotham (sección oficial)

SINOPSE

Un condutor de autobús dunha cidade de Paterson vive nunha continua rutina, mentres que a súa muller é todo o contrario, pois ten uns obxectivos vitais que mudan constantemente. Toda a acción do filme vai transcorrer nunha soa semana.

«Un filme perfecto como un palíndromo. A pel da pantalla erízase nun calafriño tan delicado, tan cálido, tan sorprendente que todo se quere diferente»

Luis Martínez, EL MUNDO



“O noso sistema está roto”

Entrevista con Jim Jarmusch

Por Alex Leadbeater

Unha das cousas que sorprende do teu filme é que lle puxeras o mesmo nome ao protagonista e á vila na que vive, Paterson. A que se debe esa decisión?

É algo estúpido, admitoo. Hai unha chea de parvadas no filme, como cando o can come o seu poema, é ridículo. Estúpido.

Eu non lle chamaría ridículo. Con vintepoucos anos fun a Paterson desde Nova York por conta do poema de William Carlos Williams e o caso é que Paterson está moi preto mais ninguén ouvira falar do pobo. E pensei en ir ver como era. Sentei onda a fervenza, camiñei polas fábricas e lin o inicio do poema *Paterson* de Carlos Williams. É un poema moi longo, do que non entendo boa parte, admitoo, mais o comezo fala das fervenzas e fai uso da metáfora de Paterson, a cidade, como se fose un home. Pensei que era moi fermosa a imaxe da cidade como un ser humano e pensei algo tan ridículo como: «pois logo chamareille Paterson ao protagonista», e sería unha brincadeira constante ao longo do filme. O caso é que Paterson é un nome bastante habitual na vila e daquela... non sei, non hai moito máis detrás desa decisión.

Hai unha fascinación ao longo de todo o filme pola calma coa que Paterson vive a súa vida. Non sei se lle tes medo a esa caste de vida? Trátase só do retrato dun personaxe que imaxinei. Non o analizo todo, a súa procedencia ou por que fai tal cousa. Non teño nin idea.

Pensouse mesmo que podía ser un autorretrato? Seino. Hai uns anos fixen un filme titulado *Flores rotas* e díxose arreo: «é o seu retrato máis persoal». Logo fixen *Só os amantes sobreviven* e escribiuse: «obviamente é o seu filme máis persoal, todo un autorretrato». E con *Paterson* lin o mesmo. Non o sei. Todos eles teñen un anaco de min, dalgún xeito. Veñen da miña imaxinación e teñen o meu ADN dun xeito similar aos teus fillos, teñen o teu ADN mais teñen vida propia. Penso nos meus filmes dese xeito.

Fixeches moitos filmes na túa carreira sobre outsiders. Consideras á parella protagonista un tributo á vida e a felicidade cotiá? No pasado gravei filmes sobre *outsiders* loitando contra o conformismo. Estes non, son xente de clase traballadora que se atopa dentro do sistema pero ao mesmo tempo son moi creativos. Todos eles son interesantes máis compre non xulgalos. O mundo ten unha chea de misterios e cousas estrañas e cómpre abrirse a eles, abrir os ollos e non pecharse.

Ese foi o erro de Hillary Clinton?

Poríao na listaxe das cousas que Clinton non fixo. Non son *fan* dela certamente. Coido que é en moitos sentidos a portavoz das grandes empresas. Tamén creo que non é tan nociva como Donald Trump.

Es máis de Bernie Sanders logo? Son un *Bernie man*.

É interesante. Falando sobre o filme lembroume moito a ideoloxía de Bernie porque temos xente traballadora que tamén é creativa.

Esa dualidade é interesante. Si, non sei como engadir análise política nos meus filmes mais coido que tiñamos a oportunidade de elixir o primeiro político que falaría coas grandes corporacións de maneira honesta. É imperfecto —é un político— e compasivo e coido que tería gañado a Trump. Mais o noso sistema está roto. Hillary foi elixida candidata non pola xente senón por algúns delegados que non foron electos. Se cadra unha das cousas positivas do horror que supón que Donald Trump chegara ao poder é que a xente diga: «Mira, que lle dean a este sistema. Eu pensaba que estabamos nunha democracia».

Teslle medo ao futuro? Téñolle medo aos vindeiros catro anos. Mais tamén son americano e digo, que lle dean, *Iggy Pop for president*. Estou asustado por toda a xente que o rodea e polas conquistas que vai botar abaixo e porque nin el nin Hillary mencionaron nos debates o cambio climático, porque os grandes executivos queren que ignoremos e neguemos esa realidade.

Publicado en www.heyuguys.com
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Paterson, William Carlos Williams.
Cátedra, 2001

Jim Jarmusch, Hilario J. Rodríguez
& Carlos Tejada. Cátedra, 2014

Pack Jim Jarmusch. Cameo [DVD]

Down by Law, Jim Jarmusch. Cameo [BluRay]

Flores rotas, Jim Jarmusch. Vertigo [BluRay]

Night on Earth, Jim Jarmusch. Cameo [BluRay]

Só los amantes sobreviven, Jim Jarmusch.
Vertigo [DVD]

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME